

A través das ondas
coa

Radio LibreMente



GRUPO DE INVESTIGACIÓN
**Educación para a
Cidadanía Global**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aliad
Ultreia



Radio LibreMente



Nace no 2020 da iniciativa dun grupo de internos, formados como monitores de tempo libre, que deciden impulsar unha radio-podcast.

Actualmente participan 11 persoas presas na Unidade Terapéutica e Educativa do Centro Penitenciario de Monterroso.

É unha iniciativa que se inscribe dentro do Plan de Animación Sociocultural do centro, impulsado pola asociación Aliad Ulteira, o grupo SEPA-interea da USC e o grupo ECIGAL da UdC, contando co financiamento da Obra Social La Caixa.

Radio LibreMente



Os **OBXECTIVOS DA RADIO**, *definidos polas persoas reclusas, son:*

- *Entreternos, saír das conversas do patio.*
- *Informar da actualidade y temas de interese (social, cultural, deportivo) e sobre aspectos sociais que a xente descoñece e que poden ser importantes para as súas vidas, dentro e fóra de prisión.*
- ***Influír, crear un efecto social na persoa espectadora, crear opinión sobre diferentes temas desde bos valores. Promover a igualdade entre todos, o respecto e crear conciencia social sobre problemas ambientais e sociais.***
- *Animar, motivar, informar das actividades e dar motivos para saír da celda.*
- ***Concienciar ás persoas que están fóra: darlle a volta ao que pensan da cadea, falar das dificultades que a sociedade pon á xente presa e que vexan as historias que hai detrás.***
- *Potenciar a imaxinación, a visualización nas mentes das persoas presas, a partir do que lles entra nos oídos a través das ondas.*
- ***Ensinar e animar á aprendizaxe.***

(En rosa, obxectivos en relación directa coa experiencia de APS)

Materias e alumnado implicado:

Recursos e estratexias para a intervención no tempo libre

24 alumnos/as

Docente: María Barba Núñez

Educación e medios de comunicación social


Xx alumnos/as

Docente: Padricia Digón Regueiro

IAP, acción comunitaria e xestión das organización

5 alumnos/as

Docente: Laura Cruz López




- Recursos e estratexias para a intervención no tempo libre
- Educación e medios de comunicación social
- IAP, acción comunitaria e xestión das organizacións

Proceso:


Planificación, sensibilización e formación

- Presentación da proposta á radio: recollida dos intereses das persoas presas participantes
- Presentación da proposta ao alumnado: presentación da entidade, do proxecto, da proposta de colaboración.
- Actividades de formación (vinculadas aos contidos da materia) e sensibilización inicial diferenciadas por materias, contando coas profesionais de Aliad.



Servizo

- Elaboración de preguntas para unha tertulia na que abordar a vivencia do tempo en prisión, e concretamente do tempo libre e o ocio.
- Gravación de producións radiofónicas sobre calidade de vida e ocio.
- Tertulia cos internos seguindo o guión de entrevista elaborado e integrando as producións radiofónicas.
- Gravación de producións radiofónicas sobre os discursos de odio na nosa sociedade.
- Tertulia cos internos sobre discursos de odio.
- Elaboración de producións radiofónicas diversas sobre os temas de interese dos internos, para que poidan integralas nos seus programas.



Peche e difusión

- Emisión dos programas a través da antena da Radio LibreMente do centro penitenciario de Monterroso.
- Traballo na aula en torno ao contido dos programas elaborados.
- Sesións de valoración da experiencia coas persoas participantes (persoas presas, alumnado, profesionais colaboradores).
- Pendente da autorización de Institucións Penitenciarias a difusión externa dos programas a través de Ivoox e a súa presentación en diferentes espazos sociais e educativos.

As personas presas comentaron



“Es interesante responder a las preguntas que las personas de fuera tienen sobre la prisión”

“Nos gusta saber qué piensan sobre la prisión y sobre las personas que estamos aquí presas. Creo que no se conoce bien esto y poder hablar con la gente es importante.”

“Sería mejor que hubiesen entrado todos aquí dentro a grabar los programas con nosotros. Las puertas están abiertas. Estuvo muy bien el día que entraron las estudiantes, también las entrevistas que hicimos a las personas”

“No tenemos mucho tiempo para escuchar sus programas, era mejor que lo grabaran aquí con nosotros”

“Los programas son más interesantes cuando metemos cosas nuestras y cosas que graban los de fuera. Nosotros sabemos algunas cosas y ellos saben otras. No por estar presos nosotros no sabemos, pero ellos saben muchas cosas que son buenas para los programas.”

“Yo creo que nosotros aprendimos pero ellos también”

“Estamos encantados siempre de hacer cosas con gente. Aquí estamos muy aburridos unos de otros, siempre las mismas caras y las mismas historias”

As/os estudiantes valoraron...



“Como hemos distinguido de forma teórica y práctica la diferencia entre tiempo libre y ocio, aprendimos mucho de como la percepción del tiempo libre puede ser muy diferente según la persona y el contexto, y que el ocio se puede vivir de muchas maneras y es interesante la perspectiva de las personas en prisión. La APS deja huella en el aprendizaje porque el aplicar el servicio nos hace crear ese sentimiento de pertenencia al proyecto y nos hace estar conectadas con lo que aprendemos y con las personas con las que trabajaremos.”

“Toda la clase concordamos con que el impacto que resultó de los testimonios de la entrevista que realizamos con las personas presas fue muy interesante”

“É unha metodoloxía dinámica e motivadora para implicar a estudantes e a colectivos en vulnerabilidade. Permittiunos coñecer e tamén visibilizar fóra da prisión unha situación que normalmente pasa desapercibida. Parécenos unha forma estupenda de achegarse e coñecer ao colectivo xa que aínda que fose de forma indirecta, como foi o noso caso, podemos comunicarnos con eles e animarlles a vivir experiencias novas, diferentes, e contribuír así tamén á súa socialización”

As/os estudantes valoraron...



“O feito de realizar a acción no cárcere de Monterroso foi toda unha experiencia nova para min. Aínda que con nervios, foi moi satisfactorio poder compartir toda a investigación realizada durante o cursado da materia cunhas persoas coas que aparente e prexuzosamente non tería nada que ver con elas. Mais, o feito de poder escoitar as súas opinións e aportacións fixo que ese sentimento se esvaece, sobre todo, ollando as súas expresións de gratitude e o seu interese e emoción. Sen dúbida sería unha experiencia que repetiría”

“A experiencia en Radio LibreMente foi marabillosa. Permitiume confirmar que a radio pode ser un instrumento de cambio social. Un programa de radio no que os internos poden tomar decisións e ser partícipes de forma activa no programa é unha forma de empoderalos e preparalos para a reinserción social, xa que a través dos contidos dos programas poden reflexionar sobre a súa situación e cara onde queren ir na súa vida. Por outra banda, considero que nos permitiu ó alumnado do mestrado a rachar con certos estereotipos que poderíamos ter sobre as persoas internas en prisión. O momento de facer o programa nos achega ata tal punto que nos permite coñecer ás persoas que temos diante, aínda que só sexa por un rato. A elaboración dos contidos do programa tamén nos permitiu coñecer máis como se fai un programa de radio e todo o que conleva en termos de preparación, así como desenvolver habilidades como a escoita activa de cara á moderación dun debate ou entrevista. Foi unha experiencia magnífica que repetiría sen ningunha dúbida”

Por agora só estamos nas ondas da radio da prisión, pero proximamente poderás buscarnos en Ivoox:
Radio LibreMente.
Edición 2022

